



CONCELLO DE
SANTIAGO

**Decreto da concelleira delegada de economía, facenda e administración.
Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018**

Rematado o prazo de dez días hábiles concedido a efectos de subsanación de erros no anuncio publicado no BOP nº 213 de 8 de novembro de 2018, e de conformidade co apartado 6.2 das bases xerais da convocatoria da oferta de emprego dos anos 2015-2016, coas bases específicas da convocatoria para a provisión en propiedade, **polo sistema selectivo de concurso-oposición, de catro prazas de técnico de xestión**, encadradas na escala de administración xeral, subescala de xestión, do subgrupo A2, correspondentes á oferta de emprego dos anos 2015-2016, e consonte coas facultades que me confire o artigo 127 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en virtude da delegación conferida por Decreto da alcaldía de data 28 de xuño de 2017, e pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de xuño de 2017;

RESOLVO:

Elevar a definitiva, por non se ter formulado alegacións a lista provisional de admitidos e excluídos e confirma-la composición de tribunais e a data e hora de celebración das probas de **catro prazas de técnico de xestión, polo sistema selectivo de concurso-oposición (promoción interna)**, encadradas na escala de administración xeral, subescala de xestión, do subgrupo A2, correspondentes á oferta de emprego dos anos 2015-2016.

A concelleira-delegada de economía, facenda e administración.
(Dto. Alcaldía 28/06/2017)

María Rozas Pérez.

